

**PRESENTACIÓN MATERIA**

MATERIA	Física e Química		CURSO	1º BACHARELATO
CURSO ACADÉMICO	2019-20	PROFESOR	Cristina Crespo Vázquez	

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1 (Tema 1)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B1.1. Estratexias necesarias na actividade científica	FQB1.1.1; FQB1.1.2; FQB1.1.3; FQB1.1.4; FQB1.1.5; FQB1.1.6; FQB1.3.1
B1.2. Tecnoloxías da información e comunicación no traballo científico	FQB1.2.1; FQB1.2.2
B1.3. Proxecto de investigación	FQB1.3.1

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2 (Tema 2)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Revisión da teoría atómica de Dalton	FQB2.1.1; FQB2.1.2
B2.2. Leis dos gases. Ecuación de estado dos gases ideais	FQB2.2.1; FQB2.2.2; F2.3.1
B2.3. Determinación de fórmulas empíricas e moleculares	FQB2.3.1; FQB2.3.2

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2 (Tema 3)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B2.4. Disolucións: formas de expresar a concentración, preparación e propiedades coligativas	FQB2.4.1; FQB2.5.1; FQB2.5.2
B2.6. Métodos actuais para a análise de substancias: espectroscopia e espectrometría	FQB2.6.1; FQB2.7.1

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3 (Tema 4)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B3.1. Estequiometría das reaccións. Reactivo limitante e rendemento dunha reacción	FQB3.1.1; FQB3.2.1; FQB3.2.2; FQB3.2.3; FQB3.2.4
B3.3. Química e industria	FQB3.3.1; FQB3.4.1; FQB3.4.2; FQB3.4.3; FQB3.5.1

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4 (Tema 5)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B4.1. Sistemas termodinámicos	FQB4.1.1
B4.2. Primeiro principio da termodinámica. Enerxía interna	FQB4.2.1
B4.3. Entalpía. Ecuacións termoquímicas.	FQB4.3.1
B4.4. Lei de Hess	FQB4.4.1
B4.5. Segundo principio da termodinámica. Entropía	FQB4.5.1
B4.6. Factores que interveñen na espontaneidade dunha reacción química. Enerxía de Gibbs	FQB4.6.1; FQB4.6.2
B4.7. Consecuencias sociais e ambientais das reaccións químicas de combustión	FQB4.7.1; FQB4.7.2; FQB4.8.1

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 5 (Tema 6)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B5.1. Enlaces do átomo de carbono	FQB5.1.1
B5.2. Compostos de carbono: hidrocarburos	FQB5.2.1
B5.3. Formulación e nomenclatura IUPAC dos compostos de carbono	FQB5.2.1
B5.4. Compostos de carbono nitroxenados e osixenados	FQB5.2.1
B5.5. Isomería estrutural	FQB5.3.1
B5.6. Petróleo e novos materiais	FQB5.4.1; FQB5.4.2
B5.7. Aplicacións e propiedades dos compostos de carbono	FQB5.5.1; FQB5.6.1; FQB5.6.2



CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 6 (Tema 7)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B6.1. Sistemas de referencia inerciais. Principio de relatividade de Galileo	FQB6.1.1; FQB6.1.2
B6.2. Movementsos rectilíneo e circular	FQB6.2.1; FQB6.3.1; FQB6.3.2; FQB6.3.3; FQB6.4.1; FQB6.5.1
B6.3. Movemento circular uniformemente acelerado	FQB6.6.1; FQB6.7.1;
B6.4. Composición dos movementos rectilíneo uniforme e rectilíneo uniformemente acelerado	FQB6.8.1; FQB6.8.2; FQB6.8.3
B6.5. Descrición do movemento harmónico simple (MHS)	FQB6.9.1; FQB6.9.2; FQB6.9.3; FQB6.9.4; FQB6.9.5; FQB6.9.6

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 7 (Tema 8)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B7.1. A forza como interacción	FQB7.1.1; FQB7.1.2
B7.2. Leis de Newton	FQB7.2.1; FQB7.2.2
B7.3. Forzas de contacto. Dinámica de corpos ligados	FQB7.2.3
B7.4. Forzas elásticas. Dinámica do MHS	FQB7.3.1; FQB7.3.2; FQB7.3.3
B7.5. Sistema de dúas partículas	FQB7.4.2
B7.6. Conservación do momento lineal e impulso mecánico	FQB7.4.1
B7.7. Dinámica do movemento circular uniforme	FQB7.5.1
B7.8. Leis de Kepler	FQB7.6.1; FQB7.6.2
B7.9. Forzas centrais. Momento dunha forza e momento angular. Conservación do momento angular	FQB7.7.1; FQB7.7.2;
B7.10. Lei de gravitación universal	FQB7.8.1; FQB7.8.2; FQB7.10.1
B7.11. Interacción electrostática: lei de Coulomb	FQB7.9.1; FQB7.9.2; FQB7.10.1

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 8 (Tema 9)

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B8.1. Enerxía mecánica e traballo	FQB8.1.1
B8.2. Teorema das forzas vivas	FQB8.1.2

B8.3. Sistemas conservativos	FQB8.2.1; FQB8.3.1
B8.4. Enerxía cinética e potencial do movemento harmónico simple	FQB8.3.2
B8.5. Diferenza de potencial eléctrico	FQB8.4.1



CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

- **Por avaliación farase un mínimo de dúas probas escritas.** Estas probas escritas poden varrer contidos dun único tema ou de varios temas. Todas as probas escritas teñen unha puntuación máxima de 10.
- As datas das probas escritas fíxanse, en consenso, entre os alumnos e o profesor, como mínimo 7 días antes da data de realización da proba escrita. Unha vez elixida a data, esta non se cambia, salvo por razóns de forza maior.
- As probas escritas soamente se repiten se a **xustificación da falta de asistencia é oficial**. En caso contrario, será cualificada con cero.
- As probas escritas que coincidan cun día de folga pasan automaticamente ao seguinte día (despois da folga) que se teña clase ordinaria.
- **Penalízase con cero o copiar** de apuntes, libros, compañeiros, transmisións de radiofrecuencia, textos e fórmulas nos móbiles ou mp3, a tradicional chuleta, ..., durante a realización das probas escritas. Aos alumnos sorprendidos invalidáselles a proba e abandonan a aula. Se esta acción irregular se repite no tempo, actuarase segundo as normas do centro. Se se trata dunha proba final non terá dereito a outra proba ata a proba extraordinaria (setembro).
- Na realización das probas escritas os **teléfonos móbiles teñen que estar apagados** e na mesa do profesor. O non seguir esta norma, será causa de expulsión da proba.
- **Por avaliación farase un mínimo de dous traballos** (búsquedas de información, noticias científicas, exercicios de repaso, cuestionarios, ...). Todos os traballos realizados teñen unha puntuación máxima de 10 (se se entregan en forma e tempo). No caso de que un alumno non entregue o traballo na data sinalada (e non teña unha razón xustificada) a puntuación máxima do traballo é de 5 puntos.

Nota das avaliacións

A nota numérica de cada avaliación está formada por:

- **90% as probas escritas.** A nota das probas escritas realizadas en cada avaliación calcúlase como unha *media ponderada* (o peso é o número de temas). Para que as probas escritas fagan media, a nota mínima na proba ten que ser 3. Aquel alumno que non alcance esta nota mínima nunha proba da avaliación terá que presentarse á recuperación correspondente (por non superar a avaliación).
- **10% traballos realizados.** A nota dos traballos é a media de todos os traballos realizados na avaliación.

Como no boletín das notas non se pode cualificar con decimais, seguimos as seguintes normas:

- Se o primeiro decimal é menor que 5, entón, queda a parte enteira da nota numérica (por exemplo a nota de 4,3 queda en 4)
- Se o primeiro decimal é igual ou maior que 5, aplícase o redondeo por exceso se se cumpre a seguinte condición (o alumno ten como mínimo o 50% da puntuación máxima que se pode obter na realización dos traballos), en caso contrario a nota non se modifica. Por exemplo, dous alumnos ao realizar as medias de probas escritas e de traballos e aplicar as porcentaxes correspondentes os dous teñen unha nota de 4,5. O *alumno 1* ten 0,25 puntos (do punto de

máximo que se pode obter nos traballos) e o *alumno 2* ten 0,75 puntos (do punto de máximo que se pode obter nos traballos), polo que o *alumno 1* ten un 4 na avaliación e o *alumno 2* ten un 5 na avaliación.

A avaliación está superada cando a nota é igual ou superior a 5, en caso contrario hai que facer a recuperación da avaliación.

Observación na aula

No caso de que algún alumno non cumpra as normas ou non se saiba comportarse, farase unha penalización en forma de puntuación:

-por apercibemento: resta ata 0,5 puntos

-non traer de forma reiterada o material a clase: resta ata 0,25 puntos

-non facer os deberes propostos (como axuda ao estudo e comprensión da materia): resta ata 0,25 puntos

-faltas de atención (por exemplo, estar facendo outras cousas non relacionadas coa materia que tratamos, charlando, e en xeral non permitir un desenvolvemento normal das clases): restamos por cada chamada de atención 0,1 puntos

Farase a penalización na puntuación ata un máximo de 2 puntos (por cada avaliación).

Recuperacións

- Non hai recuperación dos traballos nin de cada unha das probas escritas que se fagan ao longo da avaliación.
- A recuperación da avaliación non superada faise por medio dunha **única proba escrita** (todos os temas da avaliación). Esta proba escrita farase nas primeiras dúas semanas á volta das correspondentes vacacións. Intentase facer esta proba fóra do horario lectivo (unha tarde) e en caso de haber varios grupos de bacharelato a data será común para todos os grupos. A proba escrita ten unha puntuación máxima de 10 puntos. Calcúlase o 90% da nota obtida na proba escrita de recuperación, e súmaselle a nota obtida na avaliación correspondente aos traballos, se o resultado é igual ou superior a 5 a avaliación queda recuperada. En caso de ser necesario redondeo numérico, aplícanse as normas explicadas nos puntos anteriores.
- No final de curso, aqueles alumnos con unha ou máis avaliacións supensas terán unha proba escrita final de recuperación. Os alumnos que teñan unha única avaliación suspensa Terán unha recuperación de esa avaliación.

Nota final

- A nota final do curso é a media das notas das tres avaliacións. Esta nota implica que o alumno ten superadas (quere dicir unha nota igual ou superior a 5) cada unha das avaliacións (de forma ordinaria ou nas recuperacións correspondentes).
- No caso de alumnos que teñan que facer a proba escrita final a nota é:
90% a nota da proba escrita final máis o 10% a nota dos traballos realizados durante o curso.

O redondeo aplicado é o explicado.

Proba extraordinaria (setembro)

- Alumnos que non superen a materia en xullo.
- A proba escrita é como todas as feitas ao longo do curso (entre 5 e 10 exercicios), cunha puntuación máxima de 10 puntos. A valoración de cada pregunta indícase na proba, tratarase



de que todos os exercicios teñan a mesma puntuación. A proba estará adaptada ao tempo dispoñible e será na data que sinale o centro.

- A proba está superada se a nota numérica é igual ou superior a 5 puntos. Se fose necesario redondeo, se o primeiro decimal é menor que 5, entón queda a parte enteira da nota, se o decimal é igual ou maior que 5, aplícase o redondeo por exceso.

PROMOCIÓN

A materia considérase superada en cada avaliación e na avaliación final se a nota numérica é igual ou maior que 5 (segundo os criterios de redondeo indicados no punto anterior).

A promoción faise seguindo a lexislación vixente.